

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 24 de outubro de 2013 pola que se convocan para o ano 2013, en réxime de concorrencia competitiva, axudas á paralización definitiva das actividades pesqueiras dos buques pesqueiros incluídos en censos de caladoiros internacionais e terceiros países.

Mediante a Orde do 23 de abril de 2013 (DOG núm. 88, do 8 de maio), establecéronse as bases reguladoras para a concesión das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros, en virtude do Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Pesca (FEP). Nesa orde convocábanse as axudas para os buques afectados por plans de axuste do esforzo pesqueiro distintos do Plan de xestión do caladoiro Cantábrico-noroeste e o Plan de desmantelamento.

Por outra banda, o Real decreto 1362/2011, do 7 de outubro, polo que se establece un Plan nacional de desmantelamento (BOE núm. 243, do 8 de outubro), establece que o devandito real decreto ten a consideración de Plan nacional de axuste do esforzo pesqueiro, para efectos do artigo 21 do Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca, e do Plan nacional de desmantelamento do artigo 23.2 do mesmo texto legal. Polo tanto, o devandito real decreto faculta a existencia de axudas á paralización definitiva aos buques incluídos no novo plan de axuste do esforzo pesqueiro, isto é, no Plan nacional de desmantelamento de buques españois incluídos en censos de caladoiros internacionais e de terceiros países. Así mesmo, o artigo 4 do Real decreto 1362/2011 dispón que as paralizacións definitivas poden ser obxecto de axuda con cargo a fondos públicos da UE e nacionais, tal como establece o Regulamento nº 1198/2006 para este fin. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente transferirá nos anos 2011, 2012, 2013 ás comunidades autónomas implicadas as cantidades necesarias para financiar o plan. O devandito real decreto establece tamén que será a comunidade autónoma quen realice as correspondentes convocatorias de axudas en réxime de concorrencia competitiva.

A orde reguladora das axudas (Orde do 23 de xuño de 2013) establece no artigo 3 que o crédito anual existente se fixará en cada orde de convocatoria e no artigo 11 que os criterios de selección poderán ser modificados en cada convocatoria. Por todo o anterior, procede realizar unha convocatoria específica de axudas á paralización definitiva destina-



da exclusivamente a aqueles buques incluídos nos censos antes mencionados, como así o establece o real decreto, fixando o crédito orzamentario, así como os criterios de selección que se van aplicar.

Artigo 1. *Obxecto*

Convócanse para o exercicio 2013 axudas á paralización definitiva das actividades pesqueiras dos buques pesqueiros con porto base en Galicia incluídos en censos de caladoiros internacionais e de terceiros países que se rexerán polas bases e condicións e de acordo co procedemento establecido na Orde do 23 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras destas axudas (DOG núm. 88, do 8 de maio).

Artigo 2. *Crédito orzamentario*

1. Para o ano 2013 as axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 12.30.723A.770.1 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para ese ano, con un importe de 3.460.026,95 €.

2. O importe fixado no punto anterior deste artigo poderase ampliar con fondos xerados ou incorporados procedentes das transferencias do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para esta finalidade, sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

3. As axudas estarán limitadas, en todo caso, ás dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 3. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. Para esta convocatoria de 2013 o prazo de presentación de solicitudes é dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Neste caso, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

2. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través de formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se



regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

3. Alternativamente tamén se poderán presentar as solicitudes en formato papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. A documentación complementaria indicada no artigo 8, punto 3, da orde reguladora destas axudas (Orde do 23 de abril de 2013) poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Artigo 4. Criterios de selección para as axudas de buques incluídos nos censos de caladoiros internacionais e de terceiros países

1. Para a convocatoria do ano 2013, e só para as axudas destinadas a buques incluídos nos censos de caladoiros internacionais e de terceiros países, os criterios de selección serán os seguintes:

- a) Buques que pertencen a censos de caladoiros internacionais: 10 puntos.
- b) Buques que pertencen a censos de caladoiros en terceiros países: 8 puntos.
- c) Idade do buque: desde os 20 e ata os 30 anos ou máis: 1 punto por ano. Ademais, aos maiores de 30 anos e ata 50 anos engadiranse 0,25 puntos por ano.

2. En caso de empate entre buques maiores de 20 anos, terá prioridade o máis antigo, e de manterse o empate, terá prioridade o buque de máis arqueo, de persistir o empate terá



prioridade o que teña máis kW. Se o empate é entre buques de 20 anos ou menos, terá prioridade o de máis arqueo e, de manterse o empate, o de máis kW.

Disposición adicional única

Non se poderán presentar a esta convocatoria os buques que estean incluídos en plans de recuperación, plans de xestión, medidas de urxencia, ou como consecuencia da non renovación dun acordo de pesca ou outras medidas adoptadas polos estados membros, todas elas recollidas nos artigos 5 a 10 do Regulamento (CE) nº 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro, sobre a conservación e a explotación sustentable dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común.

Disposición transitoria única

Esta convocatoria específica para os buques pesqueiros incluídos en censos de caladoiros internacionais e terceiros países está financiada con transferencias finalistas do Estado. Porén, deben cumprir todas as condicións e requisitos establecidos no Fondo Europeo de Pesca, posto que a Secretaría Xeral do Mar será receptora do reembolso do devandito fondo comunitario, xa que o Plan nacional de desmantelamento ten a consideración de Plan nacional de axuste do esforzo pesqueiro, e o seu seguimento efectuarase a través dos informes anuais de execución do Fondo Europeo de Pesca e disporá dos indicadores recollidos no devandito informe.

Disposición derradeira única.

Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2013

Rosa M^a Quintana Carballo
Conselleira do Medio Rural e do Mar





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS AUTONÓMICAS PARA A PARALIZACIÓN DEFINITIVA DE BUQUES PESQUEIROS EN CENSOS DE CALADOIROS INTERNACIONAIS E TERCEIROS PAÍSES	PE104J	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)

DATOS DO BUQUE

NOME DO BARCO MATRÍCULA E FOLIO

CENSO

O FINANCIAMENTO DESTAS AXUDAS É DE: FEP no 75 %. Estado membro no 25 %.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

Declaración doutras axudas (anexo II).

SE O SOLICITANTE É A PERSOA FÍSICA PROPIETARIA DO BUQUE

Copia cotexada do DNI só no caso de non autorizar o órgano xestor para comprobar os datos de identidade.

SE O SOLICITANTE É UNHA PERSOA XURÍDICA

Copia cotexada da tarxeta de identificación fiscal.

Certificación rexistral actualizada en que figure a constitución da sociedade e os estatutos vixentes.

Poder suficiente do representante en caso de que tal poder non figure nos estatutos.

Copia cotexada do DNI do representante só no caso de non autorizar o órgano xestor para comprobar os datos de identidade.

SE OS SOLICITANTES SON UNHA PLURALIDADE DE PERSOAS

Acordo de nomeamento do representante ou apoderado para os efectos da axuda, asinado por todos.

Anexo VIII ou copia cotexada do DNI de cada un dos propietarios da embarcación só en caso de non autorizar o órgano xestor para comprobar os datos de identidade.

NIF da comunidade de bens ou sociedade civil.

Copia cotexada da escritura de constitución e a porcentaxe de participación de cada un dos seus membros ou, na súa falta, declaración responsable asinada por todos os socios, segundo o modelo do anexo III. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación.

Compromiso de execución e de non disolución da agrupación ata que transcorran catro anos desde a concesión da axuda (anexo IX).

CVE-DOG: fp3esoy2-mdr1-yva1-kdl6-ueejr656rkv4



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (continuación)

- Autorización do cónxuxe ou parella de feito para a presentación do buque ás axudas de paralización definitiva se o buque está en réxime de gananciais.
- Certificación do rexistro mercantil en que conste a titularidade e o estado de cargas ou gravames do barco.
- Certificación de despachos, expedida por la capitania marítima correspondente, acreditativa de que o buque foi despachado para a actividade pesqueira.
- Copia certificada e actualizada da folia de asento do buque.
- Compromiso de retirada da actividade pesqueira (anexo IV).
- Relación de tripulantes ao solicitar a axuda (anexo V).
- Copia compulsada da inscrición dos tripulantes no rol de dotación do buque. No suposto de que no momento da convocatoria das axudas o buque estivese pescando en caladoiros afastados, certificación da capitania marítima coa relación da tripulación enrolada a bordo.

- Documento onde se indique o convenio internacional ou acordo de que se trate en caso de redución importante das posibilidades de pesca en virtude dun convenio internacional ou outro tipo de acordo.
- Certificación acreditativa expedida pola entidade correspondente en caso de redución importante das posibilidades de pesca en virtude dun convenio internacional ou outro tipo de acordo.
- En caso de non autorizar o órgano xestor para a obtención da certificación, certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria de estar ao día das obrigas tributarias.
- En caso de non autorizar o órgano xestor para a obtención da certificación, certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de estar ao día das obrigas fronte á Seguridade Social.
- En caso de non autorizar o órgano xestor para a obtención da certificación, certificación da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de estar ao día das obrigas tributarias.

DECLARO: non estar incurso en ningunha das causas de prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a consellería, para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SI NON

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.


LEXISLACIÓN APLICABLE

- Regulamento (CE) nº 1198/2006, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo da Pesca.
- Real decreto 1362/2011, do 7 de outubro, polo que se establece un Plan nacional de desmantelamento mediante a paralización definitiva das actividades de buques pesqueiros españois incluídos en censos de caladoiros internacionais e de terceiros países.
- Orde do 23 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros, cofinanciadas nun 75 % co Fondo Europeo de Pesca, e se convocan para o exercicio 2013.
- Orde do 24 de outubro de 2013 pola que se convocan para o ano 2013, en réxime de concorrencia competitiva, axudas á paralización definitiva das actividades pesqueiras dos buques pesqueiros incluídos en censos de caladoiros internacionais e terceiros países.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO
DE PESCA



Secretaría Xeral do Mar



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO II

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

SOLICITUDE PAGAMENTO

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

No momento de presentar esta solicitude de axuda, e en relación con outras axudas ou subvencións concedidas ou solicitadas, de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, e para este mesmo expediente de axudas para a paralización definitiva:

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Axudas concedidas:

- Non lle foi concedida ningunha axuda para este mesmo proxecto.
 Si se lle foi concedida axuda para este mesmo proxecto.

TIPO DE AXUDA	DATA DA RESOLUCIÓN


Axudas solicitadas:

- Non solicitou ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
 Si solicitou axuda para este mesmo proxecto.

TIPO DE AXUDA	DATA DA SOLICITUDE

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO
DE PESCA



Secretaría Xeral do Mar



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO IV

COMPROMISO DA RETIRADA DA ACTIVIDADE PESQUEIRA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

COMPROMÉTESE, caso de ser seleccionado o seu expediente e concedida a axuda por paralización definitiva do buque pesqueiro

a cesar con carácter definitivo na actividade pesqueira do dito barco, a depositar a documentación pertinente e a darse de baixa nos rexistros correspondentes, materializando efectivamente a paralización dentro de prazo, polo procedemento que sinalo a continuación

Despezamento

Asignación definitiva á tarefa non pesqueira seguinte:


Reconversión para crear arrecifes artificiais.

Así mesmo,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, que o buque está activo no momento de solicitar esta axuda, e comprométese a mantelo activo, salvo causa de forza maior ou decisión en sentido contrario, que comunicaría inmediatamente á Administración xestora, ata a resolución deste expediente.

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Secretaría Xeral do Mar

UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO
DE PESCA



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO VI

COMPROMISO DO DEREITO DE PESCA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL			NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Concedéuselle unha axuda para a paralización definitiva do buque <input type="text"/>			
DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE (cubrir o que proceda):			
Que transmitiu ou se compromete a transmitir os dereitos de pesca do devandito buque:			
<input type="checkbox"/>	Ao buque <input type="text"/> , con matrícula <input type="text"/> , porto base en <input type="text"/> , e propiedade da empresa <input type="text"/> , a cal se COMPROMETE a manter durante 5 anos os devanditos dereitos nun buque con porto base en Galicia.		
<input type="checkbox"/>	Ao buque <input type="text"/> , con matrícula <input type="text"/> , porto base en <input type="text"/> , e propiedade da empresa <input type="text"/> , con NIF <input type="text"/> , enderezo social en <input type="text"/> e con enderezo fiscal en Galicia, a cal se COMPROMETE a manter durante 5 anos o seu domicilio fiscal en Galicia.		
SINATURA DOS CEDENTES E RECEPTORES DOS DEREITOS DE PESCA			
Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>			



Secretaría Xeral do Mar

UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO
DE PESCA



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO VII

NOTIFICACIÓN AOS TRIPULANTES DA CONCESIÓN DA AXUDA POR PARALIZACIÓN DEFINITIVA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF

BENEFICIARIO DUNHA AXUDA POR PARALIZACIÓN DEFINITIVA DO BUQUE PESQUEIRO

CONCEDIDA POR RESOLUCIÓN DE DATA

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

ACREDITA

A notificación formal que consta a continuación, a todos os tripulantes do dito barco, debidamente enrolados no mesmo momento da concesión da axuda da paralización definitiva.

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

NOTIFICACIÓN AOS TRIPULANTES

ponse en coñecemento, en cumprimento da normativa autonómica e básica do Estado, o seguinte:

1. Ao propietario do buque pesqueiro concedeuselle unha axuda pola paralización definitiva deste.
2. Como tripulante do dito barco pode ser beneficiario dunha axuda socioeconómica, prevista no Regulamento (CE) nº 1198/2006, do 27 de xullo (DOUE do 15 de agosto), se a solicita e reúne todos os requisitos para iso.
3. A axuda socioeconómica ten carácter estrutural, vinculada á reestruturación do sector pesqueiro, e é totalmente independente da relación laboral entre o tripulante e a empresa armadora.

NOTIFICADO E INFORMADO

Nome

NIF

Sinatura

NOTIFICADO E INFORMADO

Nome

NIF

Sinatura

NOTIFICADO E INFORMADO

Nome

NIF

Sinatura

NOTIFICADO E INFORMADO

Nome

NIF

Sinatura

NOTIFICADO E INFORMADO

Nome

NIF


Sinatura

NOTIFICADO E INFORMADO

Nome

NIF

Sinatura



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO
DE PESCA



Secretaría Xeral do Mar



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



ANEXO IX

(cubrir cada un dos solicitantes só no caso de seren unha pluralidade de persoas físicas, sociedade civil ou comunidade de bens)

Os solicitantes da axuda como:

Sociedade civil coa denominación:

Comunidade de bens coa denominación:

Pluralidade de persoas, sendo estas as seguintes:


NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

DECLARAMOS BAIXO A NOSA RESPONSABILIDADE

O compromiso de execución do obxecto da axuda e que nos comprometemos á non disolución da agrupación ata que transcorran catro anos desde a concesión da devandita axuda.

SINATURA DE TODOS OS SOLICITANTES

Lugar e data

 , de de


CVE-DOG: fp3esoy2-mdr1-yva1-kdl6-ueejr656rkv4

